

AMPARO TABOADA GIL, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que o PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022, adoptou o seguinte acordo:

19. Desestimación das alegacións do Concello de Ordes formuladas respecto da aprobación da base 13.4.2 apartado A do POS+ Adicional 2/2022, 2ª fase

Logo de ver o expediente relativo á presentación polo Concello de Ordes das alegacións respecto da aprobación da base 13.4.2 do POS+ Adicional 2/2022, 2ª fase, relativa ao órgano competente para aprobar a solicitude de participación do concello dentro da 2ª fase do Plan, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de maio de 2022, relativo á aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+ 2022 para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais

Tendo en conta o disposto na base 13.4 “ab initio” das reguladoras do Plan, que indica que o POS+ Adicional 2/2022 aprobarase en dúas fases, que os concellos poderán participar nunha fase ou nas dúas e que tamén regula para cada unha das fases os obxectos posibles de financiamento, os órganos competentes dos concellos para a aprobación da súa participación no Plan, segundo se trate da 1ª ou da 2ª fase, así como os prazos de presentación da documentación necesaria

Tendo en conta que, tal e como se dispón na base 13.4.1.A, que se transcribe a continuación, para aprobar a participación dos concellos na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2022, o órgano competente será a Alcaldía do Concello ou a Xunta de Goberno Local, segundo corresponda, de acordo co modelo Anexo XXII-a), habida conta de que o Pleno do concello xa aprobara os investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario, que constitúen o único posible obxecto desta 1ª fase:

“13.4.1.- 1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2022 UNICAMENTE PARA INVESTIMENTOS DO PLAN COMPLEMENTARIO

Os concellos que desexen financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2022 investimentos xa previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, desde o 15 de xuño de 2022 ata as 15.00 horas do 30 de xuño de 2022, a seguinte documentación:

A.- ACORDO OU RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN (Anexo XXII-a)
(Convocatoria POS+AD2a- SOLICITUDE 2022)

Tendo en conta que o Pleno dos concellos xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algúns dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos ou Resolución da Alcaldía ou Acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda. [...]”.

Tendo en conta que, tal e como se esixe na base 13.4.2.A, cuxo texto se transcribe a continuación, para aprobar a participación dos concellos na 2ª fase do POS+ Adicional 2/2022, o órgano competente será o Pleno do concello ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo Anexo XXII-b), xa que se trata de solicitar a inclusión neste Plan Adicional de obxectos non aprobados anteriormente polo Pleno municipal dentro do POS+ 2022:

“13.4.2.- 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2022 CON GASTO CORRENTE, NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES E REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS

Os concellos que desexen financiar no POS+ Adicional 2/2022 gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, novos investimentos financeiramente sostibles non incluídos no Plan Complementario e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, deberán presentar nesta deputación, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, desde o 5 de xullo de 2022 ata as 15.00 horas do 5 de outubro de 2022, a seguinte documentación:

A.- ACORDO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PLAN (Anexo XXII-b) (Convocatoria POS+AD2b- SOLICITUDE 2022)

O concello deberá presentar unha certificación do Acordo adoptado polo Pleno do concello ou de quen corresponda nos municipios de gran poboación, solicitando a inclusión neste Plan Adicional do gasto corrente de servizos públicos obrigatorios e/ou de novos investimentos financeiramente sostibles non incluídos no Plan Complementario e/ou revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais, segundo o modelo Anexo XXII-b). [...].

Tendo en conta que as Bases modificadas do POS+ 2022 para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 presentáronse para ser informadas o 31 de maio de 2022 na Comisión Galega de Cooperación Local e para o seu coñecemento na Presidencia da Xunta de Galicia, en cumprimento do establecido nos artigos 112 e 191 i) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia, tendo transcorrido o prazo de 10 días dende a solicitude de informe sen que se presentara alegación ningunha

Tendo en conta que coa mesma data, 31 de maio de 2022, as Bases modificadas presentáronse tamén na Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e na Subdelegación do Goberno en Galicia, de conformidade co establecido no artigo 9 del Real decreto 835/2003, de 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, tendo transcorrido o prazo de 10 días dende a solicitude de informe sen que se presentara alegación ningunha

Logo de ver que no Boletín Oficial da Provincia (en adiante BOP) número 102, do 31 de maio de 2022, publicouse un anuncio relativo á aprobación mediante o acordo plenario provincial do 27 de maio de 2022 das Bases modificadas reguladoras do POS+ 2022, ao obxecto de que se puideran presentar as alegacións que se considerasen oportunas no prazo de 10 días contados a partir do día seguinte ao da súa publicación

Logo de ver que dentro deste prazo de 10 días de exposición pública no BOP, o 13 de xuño de 2022, tivo entrada no Rexistro Xeral desta deputación provincial, co número 202290000010822, un escrito do Concello de Ordes mediante o que se formulan alegacións á aprobación da base 13.4.2.A das Bases reguladoras modificadas do POS+ 2022, respecto da esixencia de presentar, para participar na 2ª fase do POS+ Adicional 2/2022, unha certificación do Acordo Plenario, solicitando que se substitúa por unha

certificación de Resolución adoptada pola Alcaldía para a inclusión dos obxectos que se financian na 2ª fase do Plan

Logo de ver que o Concello de Ordes invoca no seu escrito de alegacións fundamentos xurídicos da sentenza 00166/2022, recurso de apelación 7154/2021, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (en adiante TSX), Sala do Contencioso-Administrativo, SEC 3-003 A Coruña, de data 29 de abril de 2022, pola que se estima a apelación interposta polo Concello de Ordes contra a sentenza do 9 de setembro de 2021, ditada polo Xulgado contencioso- administrativo número 1 da Coruña en PO num. 101/2020, revogando a dita resolución e estimando o recurso contencioso administrativo que articulou o concello fronte ao acordo do Pleno da Deputación da Coruña do 30 de abril de 2020, de modificación das bases reguladoras do POS+ 2020 para a regulación do POS+ Adicional 1/2020 e do POS+ Adicional 2/2020 e declarándoo contrario a dereito en canto engade as bases 12 e 13, así como os Anexos XV ao XX cos modelos de documentos necesarios para a súa tramitación

Logo de ver que o Concello de Ordes no seu escrito de alegacións argumenta que “pese ao criterio sentado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de que corresponde ao alcalde a competencia para solicitar unha subvención derivada da participación nun Plan Provincial, a Deputación segue a manter a obriga de que este acordo de participación nun Plan Provincial sexa adoptado polo Pleno do Concello e que a deputación Provincial, fronte ao criterio interpretativo de determinación do órgano competente para acordar a participación nun Plan Provincial fixado por un órgano xurisdiccional, ao que corresponde o **control da legalidade da actuación administrativa suxeita ao dereito administrativo**, fai prevalecer o criterio sostido pola Dirección General de Administración Local en contestación á consulta desa Deputación”

Tendo en conta a Resolución da Presidencia desta deputación, do 13 de maio de 2022, que dispón que se interpoña o recurso de casación contra a sentenza do TSX de Galicia do 29 de abril de 2022

Tendo en conta que o 15 de xuño de 2022 a Asesoría Xurídica desta deputación emite un informe con respecto á pretensión formulada polo Concello de Ordes no seu escrito de alegacións, no que conclúe que “no siendo firme la Sentencia del TSJ de Galicia, de 29.04.2022, contra la que esta parte ha presentado escrito de preparación de recurso de casación, entendemos que las Bases reguladoras del POS, deben mantener la previsión de exigencia del correspondiente Acuerdo Plenario”

Tendo en conta a urxencia da resolución das alegacións formuladas polo Concello de Ordes sobre o órgano competente para aprobar a solicitude de participación dos concellos na 2ª fase do Plan POS+ Adicional 2/2022, dado que o prazo para participar nesta 2ª fase comeza xa o 5 de xullo de 2022

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Bases reguladoras modificadas do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102, do 31 de maio de 2022)

Resolución da Presidencia desta deputación, do 13 de maio de 2022, que dispón a interposición de recurso de casación contra a Sentenza do TSX de Galicia do 29 de abril de 2022, que estima o recurso de apelación interposto polo Concello de Ordes contra a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña, do 9 de setembro de 2021, ditada no Procedimiento ordinario nº 101/2020

Escrito de preparación de recurso de casación contra a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29 de abril de 2022

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Desestimar as alegacións presentadas polo Concello de Ordes respecto de que se proceda á modificación da base 13.4.2, apartado A, relativo ao Acordo de solicitude para participar no Plan (Anexo XXII-b, do POS+ Adicional 2/2022, 2ª fase, para o financiamento de gasto corrente, novos investimentos financeiramente sostíbles e revisión excepcional de prezos, base que foi aprobada mediante acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de maio de 2022, en relación á esixencia que se contén na dita base de ter que presentar o concello, para participar na 2ª fase do POS+ Adicional 2/2022, unha certificación do Acordo Plenario municipal, solicitando que se substitúa por unha certificación de Resolución adoptada pola Alcaldía e invocando no seu escrito de alegacións, a favor da súa pretensión, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 29 de abril de 2022, pola que se estima a apelación interposta polo Concello de Ordes contra a sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de A Coruña, de data 9 de setembro de 2021, ditada no Procedimiento ordinario nº 101/2020, tendo en conta a conclusión da Asesoría Xurídica, no seu informe emitido o 15 de xuño de 2022, de que esta sentenza do TSX de Galicia non é firme e que en cumprimento da Resolución da Presidencia desta deputación do 13 de maio de 2022, esta deputación ten presentado xa un escrito de preparación de recurso de casación contra a mesma, polo que as Bases reguladoras modificadas do POS+ 2022 deben manter a previsión de esixencia do correspondente Acordo Plenario e polo tanto non procede modificar a base 13.4.2.A.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña.

A secretaria: Amparo Taboada Gil (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)